

## Un paseo polas letras

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

2015



IES de Ribadeo Dionisio Gamallo  
Equipo de dinamización lingüística  
2015

# DIONISIO GAMALLO FIERROS

(Ribadeo, 1914-)

Despois dos estudos primarios en Ribadeo, realiza os estudos medios por libre no Instituto de Lugo. Posteriormente cursou Dereito e Filosofía e Letras en Santiago e Valladolid.

Foi Académico correspondente da Real Academia Galega, da Real Academia Española e membro do Instituto de Estudios Asturianos.

Impartiu clase en institutos de Ribadeo, Lugo, Avilés, Madrid e Oviedo. Foi o primeiro director do instituto laboral de Ribadeo (1955), que desde o ano 2000 leva o seu nome.

Tamén foi profesor en varias facultades das universidades de Santiago, Madrid e Uviéu.

Articulista compulsivo, publicou máis de dúas mil colaboracións en numerosísimas revistas e xornais.

Publicou tamén poemas e foi premiado en varios certames.

Os seus estudos literarios céñtranse principalmente no romanticismo, pero tamén publicou investigacións sobre outros autores e temas diversos.

En Madrid despregou unha ampla actividade cultural (recitais, conferencias, presentacións, etc.).

A súa influenza foi fundamental nos inicios literarios de destacados poetas, como Novoneyra ou Luz Pozo Garza.



# DÁMASO ALONSO

Madrid, 1898 – 1990

Súa nai era do occidente de Asturias e durante a infancia pasou algún tempo en Ribadeo.

Escritor pertencente á xeración do 27, foi tamén un destacado filólogo e crítico literario.

Membro da Real Academia Española desde 1945 e director da mesma entre 1968 e 1982.

En 1978 recibiu o Premio Cervantes.

Foi conferenciaante en varias universidades estranxeiras e impartiু clase na de Valencia e Madrid.

Despois dalgúns poemarios de xuventude (*Poemas puros*, *Poemillas de la ciudad*, *El viento y el verso*) editados nos anos vinte, publicou *Hijos de la ira* (1944), un libro fundamental na poesía española de posguerra.

Como estudos da literatura, centrouse sobre todo no barroco. A data de publicación do seu estudo sobre as *Soledades* de Góngora (1927) dá nome á xeración do 27.

Como filólogo, investigou a fala do occidente de Asturias, adscribiuna inequivocamente ó galego e publicou varios artigos relacionados co asunto: *Junio y Julio entre Galicia y Asturias* (1945), *El saúco entre Galicia y Asturias* (1946), *Gallego-asturiano 'engalar', 'volar'. Casos y resultados de velarización de n en el dominio gallego* (1954), *Narraciones orales gallego-asturianas* (1969), etc.



# X. RODRÍGUEZ BAIXERAS

(Tarragona, 1945)

Ata os doce anos viviu en Ribadeo e na Pobra do Caramiñal e despois residiu en Segovia debido ó traslado do seu pai a esa cidade.

Estudou en Valladolid e Madrid, onde entrou en contacto coa cultura galega a través da xente de Ben-Cho-Sei.

Exerceu a docencia uns anos na Coruña e en Palma de Mallorca e, posteriormente en Vigo, onde se xubilou.

Destaca como poeta e tradutor, labores polos cales recibiu importantes premios.

Algunhas das súas obras son *Fentos no mar* (1981), *Lembranza do areal* (1985), *Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)*, *Visitantes* (1991), *Nadador* (1995), *Beira norte* (1997), *Eclipse* (2001), *O pan da tarde* (2010), etc.

Tamén publicou varios estudos e ensaios de carácter literario e incluso de temática gastronómica.

No 2012 a AELG dedicoulle a XVIII edición de "O escritor na súa terra". Dentro deste acto descubriuse un monólito conmemorativo, plantouse unha palmeira e déuselle o seu nome a un parque de Ribadeo.



## FRANCISCO LANZA

(Ribadeo, 1892- Bos Aires, 1951)

Xornalista e escritor.

Membro do Seminario de Estudos Galegos.

Colaborador da Revista *Nós*, do Boletín da Real Academia Galega e dos xornais *El Sol* e *Faro de Vigo*.

1919: Funda o semanario *La Comarca del Eo*, do que foi director ata 1929. Nel publica numerosas colaboracións, algunas delas asinadas con pseudónimo.

1931: Emigra a Bos Aires e alí seguiu colaborando en distintas revistas e xornais.

1933: Publica *Ribadeo antiguo*.

1935: Publica *2000 nombres gallegos*.

1974: Publicase *Falan os de Ribadeo*, unha obra póstuma que recolle varios artigos do autor.

Desde os anos 70 existe en Ribadeo unha asociación cultural que leva o seu nome.



## VIEJO PANCHO

(Ribadeo, 1857– Montevideo, 1924)

Con 18 anos emigrou a América e estableceuse primeiro en Arxentina e despois no Uruguai, onde traballou como xornalista.

Como escritor, destacou na lírica, áida que tamén escribiu obras de teatro para un grupo afeccionado que el mesmo dirixiu.

Dirixiu inicialmente o semanario satírico *El Tala Cómico*, que el mesmo fundou e do que foi o principal colaborador. As súas críticas centráronse principalmente nas autoridades eclesiásticas e na administración local.

Despois fundou *Momentáneas*, unha nova publicación que viña a ser unha continuación da anterior, pero na que o autor demostraba máis sensibilidade e amargura. Nesta nova etapa asinou principalmente como "El Viejo Pancho".

Algunhas das súas colaboracións nestas revistas publicáronse posteriormente noutras de maior tirada, o cal lle deu ampla popularidade.

Tamén participou na vida política, chegando a ser deputado. Desde este cargo, destacou pola defensa das autonomías municipais.

As súas principais obras son: *Juan el loco* (1867), *¡Guacha!* (1913) e *Paja brava* (1915), unha recompilación de poemas gauchescos que tivo gran éxito e que se reeditou unhas 20 veces. Algunos dos seus textos foron musicados e incorporados por Carlos Gardel e outros intérpretes ó seu repertorio.



## SUSO PEÑA

Ribadeo, 1941 – 2005

Está considerado o primeiro profesional galego do cómic.

Durante vinte e cinco anos traballou para importantes axencias e creacións súas publicáronse en distintos países de Europa e América.

Nos anos 80 asentouse en Ribadeo e comezou a dedicarse á fotografía e ó deseño gráfico.

A partir dos 90 dedicouse tamén á creación de webs.

Algunhas publicacións individuais ou colectivas: *Cinco, por Infinito* (1968), *Safari en África* (1970), *Gringo* (1970), *La Cobra de Rajasthan / Aventuras en la Selva* (1971), *La saga de las víctimas* (1975), *Jeff Blake, el Hombre de Pinkerton* (1977), *Control* (1982), *Wheeler* (1983), *Aventuras en la Selva* (1969), *El buque pirata* (1975), *La cadena de la vida. Fauna africana* (1976), *Solidaridad con El Papus* (1977), *El Senado de España* (1985).

En 2006 publicouse *Suso Peña: La Mirada Mágica* (2006), unha obra póstuma a xeito de homenaxe onde se recollen fotos, debuxos e banda deseñada da súa autoría.



## ROSALÍA DE CASTRO

Santiago, 1837-1885.


A pesar do tempo transcorrido e dos numerosos estudos que se lle teñen dedicado, hai aspectos da súa vida que ainda non están suficientemente aclarados.

É a figura máis importante do Rexurdimento e son numerosas as homenaxes que se lle teñen realizado (rúas co seu nome, centros de ensino, asociacións de distinto tipo, esculturas, ...)

En 1858 casou con M. Murguía, feito que a levou a residir en distintos puntos de Galicia e de Castela.

Publicou poesía e narrativa, en galego e en castelán. As súas obras más destacadas son *La Flor*, poemario en castelán (1857), *La hija del mar*, novela en castelán (1859), *Cantares Gallegos*, o seu primeiro poemario en galego, que marca o inicio do Rexurdimento pleno (1863), *Follas Novas* (1880), *En las orillas del Sar* (1884), etc.

1963: Cumpriuse o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* e a Real Academia Galega instaurou o 17 de maio como Día das Letras Galegas, que lle foron dedicadas a Rosalía na súa primeira edición.



## SARMIENTO

Vilafranca do Bierzo, 1695-1772

Viviu boa parte da súa infancia en Pontevedra.

Sendo fraude bieito e residindo xa en Madrid, en 1745 realizou unha viaxe a Galicia e, desde entón a lingua e a cultura galega convertéronse no seu principal foco de interese. Como consecuencia dos seus estudos publicou numerosísimos artigos.

Foi unha das primeiras voces en reivindicar a validez do galego para todos os ámbitos, a necesidade da escolarización dos nenos galegos na nosa lingua, o uso do galego na Igrexa e a esixencia de coñecer o galego para desempeñar cargos públicos en Galicia.

Como investigador, centrouse sobre todo na lexicografía, pero tamén publicou estudos de botánica, historia natural, historia antiga, etimoloxía, xeografía, etc.

Algúns dos seus títulos son: *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, *Catálogo de voces vulgares, y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, *Discurso sobre el método que debía guardarse en la primera educación de la juventud, para que, sin tanto estudiar de memoria y a la letra, tuviesen mayores adelantamientos*, *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*, *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega*, etc.



## ALFREDO DEAÑO

(Ribadeo, 1944-1973)

Licenciouuse en Filosofía e Letras en Oviedo (1963) e na especialidade de Filosofía Pura en Madrid (1966).

Concedéronlle o Premio extraordinario de licenciatura (1966) e o Premio Nacional Fin de Carrera de Filosofía (1977). Aínda hoxe ostenta o mellor expediente académico da Universidade española.

Está en posesión da Orde de Alfonso X el Sabio, que premia os méritos contraídos nos campos da educación, a ciencia, a cultura, a docencia e a investigación.

Foi profesor na Universidade Complutense de Madrid - onde presentou a súa tese doutoral (1968) que levaba o título de *Lógica simbólica y lógica del lenguaje ordinario*. - e na Universidade Autónoma de Madrid (1969).

Entre as súas publicacións figuran:

- *Introducción a la lógica formal 1. la lógica de enunciados* (1974).
- *Introducción a la lógica formal 2. la lógica de predicados* (1974).
- *Las concepciones de la lógica*. (1980, póstuma).
- *El resto no es silencio*: editado tras a súa morte por un grupo de profesores amigos; recolle a totalidade de artigos publicados polo autor en diversas publicacións e algúns traballos inéditos.

Foi asesor e colaborador habitual nas páxinas culturais de *El País*, e tamén en Alianza Editorial e na Editorial Revista de Occidente.

Deixou un manuscrito inédito sobre Wittgenstein, case ultimado para a súa publicación, e outros traballos sobre lóxica e filosofía.

1973: casou con Mercedes Cabrera. Ten un fillo que, na actualidade, é profesor na Universidade Carlos III de Madrid.



## LUZ POZO



(Ribadeo, 1922)

Ten estudos musicais, de maxisterio e de filoloxía románica.


Despois de estancias en Ribadeo, Lugo, Marrocos e Viveiro, asentouse en Vigo, onde exerceu a docencia no ensino secundario.

Codirixiu con Tomás Barros a revista *Nordés* e promoveu tamén a creación da revista *Clave Orión*.

É membro da Real Academia Galega desde 1996 e no 2001 foi nomeada Socia de honra da AELG.

Como poeta publicou *O paxaro na boca* (1952), *Últimas palabras / Verbas derradeiras* (1976), *Concerto de outono* (1981), *Código calixtino* (1986), *Promoeto a flor de loto* (1992), *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Ribadeo, Ribadeo* (2002), *Medea en Corinto* (2003), *Historias fidelísimas: poesía selecta 1952-2003* (2003), *Memoria solar (obra poética íntegra)* (2004), *As arpas de Iwerddon* (2005), *As vodas palatinas* (2005), *Deter o dia cunha flor* (2009). Tamén publicou poesía en castelán.

Como ensaísta, publicou estudos sobre Pimentel (1990), Cunqueiro, Luis Seoane, Rosalía, sobre a poesía medieval, etc.



## DANIEL CORTEZÓN

(Ribadeo, 1927-2009)

De formación cultural autodidacta, acabou sendo un destacado autor teatral, aínda que tamén publicou narrativa, ensaio e numerosos artigos de temática diversa.

Publicou tanto en galego como en castelán.

En narrativa destacan *As covas do rei Cintolo* (1956) e *A vila sulagada* (1981).

Moitas das súas obras teatrais céñtranse en personaxes históricos relacionados con Galicia.

Algúns títulos son: *Prisciliano* (1970), *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1973), *Pedro Madruga* (1978), *Os irmandiños* (1978), etc.

En 1986 publicou a primeira entrega dunha tetraloxía sobre Castelao, que tería continuidade en 1989, 1996 e 1997.

Varias das súas obras foron merecentes de importantes premios literarios, entre eles o Blanco Amor de novela. Tamén foi finalista do Premio Nacional de Teatro pola súa terceira entrega sobre Castelao.

Desde o ano 2003 leva o seu nome unha mostra de teatro afeccionado que se celebra en Ribadeo.

